

COMUNICADO DE FIN DE CURSO 2019/20 PARA OS SOCIOS DA ANPA.

Estimadas familias:

Debido a situación actual por Covid19 decidimos non convocar asemblea de fin de curso para os socios da Anpa Pantel do IES Pedras Rubias, esperamos convocar a principios do próximo curso una asemblea de socios onde poder participar tod@s. Neste comunicado informamos vos do seguinte:

1. ESTADO DE CONTAS DA ASOCIACIÓN.

Neste curso 2019/20 houbo uns ingresos totais por aluguer de libros de: 6.400 euros

Gastos: Devolucións por erros no pago de libros: 222 euros

Teléfono:	65 euros
Bancarios:	208,4 euros
Compra de libros:	2.455 euros
Carnés de autobús:	80,35 euros
Gastos ir consellería:	12,75 euros
Total de gastos:	3.043,5 euros

Temos un aforro este curso de 3.356,5 euros.

Recordamos que para o curso 2021/22 poden cambiar por lei os libros de 1º e 3º da ESO.

2. FACERSE SOCIOS DA ANPA PARA O PRÓXIMO CURSO. Para facerse socio da Anpa hai que cubrir a solicitude que facilita o IES xunto coa matrícula. Non hai que pagar cuota por facerse socio. A vantaxe e que se solicitudes libros ao Banco da Anpa hai un desconto de 2 euros por libro.

3. BANCO DE LIBROS DA ANPA "PANTEL".

O próximo curso o banco de libros funcionará como hasta o momento:

SOLICITUDE: Para solicitar os libros para o próximo curso para os alumnos que solicitaron participar no fondo solidario da consellería dado que a asignación definitiva a cada alumno non se fai ata o inicio do curso, poderá facerse a partir da publicación do listado da consellería. Os alumnos que non solicitaran participar no fondo solidario de libros da Xunta poden presentar a solicitude coa presentación da matrícula.

Ao inicio do curso entregárase a cada alumno a solicitude de libros a ANPA, e información con instrucións de pago. As solicitudes entregadas coa matrícula en xullo non precisan pagar hasta o inicio do curso.

CUOTA PARA CADA LIBRO: 10 EUROS PARA SOCIOS DA ANPA

12 EUROS PARA OS NON SOCIOS DA ANPA.